

Produto interior bruto

Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2020=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2021-2025

	% (TIT-4)	2021	2022	2023	2024	2025	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22	1T23	2T23	3T23	4T23	1T24	2T24	3T24	4T24	1T25	2T25	3T25	4T25
Galicia	8,9	4,3	2,4	2,8	2,5	0,3	20,5	7,8	6,9	5,8	5,6	3,3	2,6	3,2	1,6	2,1	2,7	2,3	3,0	3,2	2,8	2,9	2,6	2,2	2,4	
España	7,4	6,4	2,5	3,5	2,8	-2,3	19,8	5,4	6,7	7,1	7,5	6,3	4,7	3,6	2,0	2,0	2,2	2,9	3,7	3,6	3,7	3,1	2,9	2,8	2,7	

Fontes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE

O PIB galego no cuarto trimestre de 2025 medrou en 0,7 puntos porcentuais, dato superior en dúas décimas ao crecemento rexistrado no trimestre anterior. Isto supuxo un crecemento de 2,4 puntos en termos interanuais, dato que racha coa tendencia descendente da variación porcentual interanual observada nos anteriores trimestres. O PIB en España medrou nun 0,8% respecto do terceiro trimestre do ano, en liña coas previsións. Con respecto do acontecido hai catro trimestres o PIB español medrou nun 2,7% en termos interanuais, unha décima máis do previsto. O crecemento do PIB interanual en España en termos porcentuais reduciuse por cuarto trimestre consecutivo.

Estes datos levan o crecemento do PIB de 2025 en Galicia ata o 2,5%, tres décimas menor ao de 2024. En España o PIB medrou en 2025 un 2,8%, sete décimas menos do aumento rexistrado en 2024.

As previsións do INE para a evolución do PIB español no primeiro trimestre de 2026 é dunha suba do 0,6% intertrimestral e do 2,7% interanual. As previsións para o PIB galego, realizadas pola AIREF, son dunha suba do 0,6% intertrimestral e o 2,3% interanual.

Poboación activa, ocupación e paro

Valores Poboación Activa Galicia-España, 1º Trimestre 2026

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.294,1	0,2	0,0	33,0	2,6
España	25.001,6	61,2	0,2	447,0	1,8

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) do primeiro trimestre de 2026 indica que a poboación activa galega se mantivo case constante respecto do trimestre anterior (aprox. 200 persoas activas máis, menos do 0,1%), mentres que en España rexistrouse un crecemento do 0,2% logo de que a poboación activa aumentara en -61.200 persoas. Con respecto do primeiro trimestre de 2025 rexistrouse crecemento da poboación activa tanto en Galicia como en España, se ben o crecemento interanual da poboación activa en Galicia superou en termos porcentuais ao español por segundo trimestre consecutivo (o 2,6% fronte ao 1,8%). A poboación activa en España superou por primeira vez na serie histórica os 25 millóns de persoas.

O número de persoas ocupadas en Galicia diminuíu en -8.800 respecto das rexistradas no pasado trimestre (o -0,7%), dato case que idéntico á media española, logo de que a ocupación en España reducírase en -170.300 persoas (o -0,8%). En termos interanuais déronse aumentos tanto en Galicia, cunha suba do número de persoas ocupadas de 28.000 (o 2,4%) como en España, onde o seu número medrou en 527.600 (tamén o 2,4%). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no cuarto trimestre de 2025 ata o 49,3%, taxa inferior en tres décimas de punto porcentual á do trimestre anterior e inferior en 3,2 puntos á taxa do 52,5% rexistrada en España neste trimestre, co cal o diferencial da taxa de ocupación Galicia-España reduciuse en tres décimas respecto do trimestre anterior.

Para rematar coa análise da EPA, e no que atinxe ao número de persoas en paro, en Galicia rexistrouse un aumento do paro no trimestre de 9.000 persoas, o que supuxo un incremento do 8,4% en termos porcentuais, mentres que o número de persoas en paro en España aumentou no trimestre nun total de 231.500 persoas paradas máis (o 9,3%). Na comparación co sucedido hai catro trimestres, o paro aumentou en Galicia no primeiro trimestre de 2026 en 4.900 persoas (incremento interanual do 4,5%) e diminuíu en España en -80.600 persoas (un -2,9% menos que hai catro trimestres). Deste xeito, a taxa de paro en Galicia fica no 9,0% ao remate deste trimestre mentres que en España pasou a ser do 10,8%.

Contratación

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 1º Trimestre 2026

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
1T26	157.481	-21.522	-12,0%	9.014	6,1%
Homes	80.787	-7.653	-8,7%	4.517	5,9%
Mulleres	76.694	-13.869	-15,3%	4.497	6,2%
<30 anos	55.714	-10.727	-16,1%	5.749	11,5%
entre 30 e 44 anos	54.384	-6.642	-10,9%	672	1,3%
>44 anos	47.383	-4.153	-8,1%	2.593	5,8%
Indefinido	52.329	-2.316	-4,2%	642	1,2%
Temporal	104.225	-19.291	-15,6%	8.438	8,8%
Prácticas / Formación	774	77	11,0%	-54	-6,5%
Outros	153	8	5,5%	-12	-7,3%
Agricultura e Pesca	4.702	92	2,0%	-126	-2,6%
Industria	25.259	-188	-0,7%	281	1,1%
Construción	7.597	1.544	25,5%	267	3,6%
Servizos	119.923	-22.970	-16,1%	8.592	7,7%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do SEPI e do Boletín Mensual de Contratación da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

provocou que a porcentaxe entre os asinados por mulleres vírase reducida en case seis puntos máis que entre os homes cunha caída que superou o -15% intertrimestral. Na comparanza cos datos dos tres primeiros meses de 2025 a contratación aumento de xeito bastante parello entre homes e mulleres tanto en termos absolutos como porcentuais.

As edicións do *Boletín mensual da contratación* para tres primeiros meses de 2026 recollen a sinatura de 157.481 novos contratos, un -12% por baixo dos que se rexistraron no cuarto trimestre de 2025. En termos interanuais a contratación aumentou por riba do 6%, co que este parámetro ven de amosar crecemento os pasados catro trimestres.

Respecto á distribución por sexos dos novos contratos, a diferenza entre o número de novos contratos asinados por homes e por mulleres superou os 4.000 novos contratos a favor deles (51,3% do total asinado fronte ao 48,7%). En termos porcentuais esa diferenza no número de novos contratos asinados por sexos

Por rangos de idade en termos intertrimestrais tanto os aumentos como as reducións de novos contratos asinados adoitan ser maiores entre as persoas máis novas e este trimestre non foi unha excepción: neste período, a redución da nova contratación foi moito máis intensa entre as persoas menores de 30 anos (por riba do -16%) e foron o único grupo de idade para quen o número de novos contratos diminuíu por riba do incremento medio e o fixo en máis de seis puntos. Estas diferencias evidenciáronse tamén na comparanza co que sucedeu no primeiro trimestre do 2025, posto que o incremento no número de novos contratos entre as persoas menores de 30 anos superaron en máis de cinco puntos porcentuais ó incremento medio. Os contratos asinados polos de 45 ou máis anos medraron en preto do 6% no mesmo período e o asinados polas persoas de idade intermedia o fixeron aínda con menor intensidade logo de superar por pouco o 1%.


A sinatura de novos contratos comportouse de xeito dispar para os distintos sectores de actividade respecto do cuarto trimestre, destacando de xeito especial o incremento da contratación no sector da construción, un incremento do 25% que é habitual neste trimestre. No sector agrícola-pesqueiro tamén se deu un incremento nos novos contratos asinados aínda que fora nun xeito moito máis moderado (2%). Dado que a redución no sector industrial limitouse por baixo do -1% cómpre adxudicar case que toda a diminución ao sector servizos, un comportamento que tamén presenta unha compoñente estacional. Pola contra, a comparación co acontecido hai catro trimestres amosa unha situación diferente, con diminución do número de novos contratos no sector primario, lixeiros incrementos na construción e a industria e un crecemento no número de novos contratos no sector servizos próximo ao 8%, o que fai deste sector o único que medra por riba do incremento medio neste parámetro.

De xeito análogo ao que sucede na análise por sectores co sector servizos, o comportamento global por tipo de contrato asinado é moi dependente do que faga a contratación temporal, sempre a máis numerosa, e que neste trimestre se reduciu en preto do -16% respecto do anterior. Pola súa banda a contratación indefinida diminuíu en máis do -4%, mentres que as outras dous categorías, menos relevantes en números absolutos, presentaron incrementos porcentuais. Respecto do primeiro trimestre de 2025 medraron tanto as novas contratacións indefinidas (máis do 1%) como as temporais (preto do 9%). Nas categorías de En prácticas / formación e Outros os novos contratos asinados amosaron reducións de entre o -6% e o -8% respecto de hai catro trimestres.

Afiliación media á Seguridade Social

	Afiliación media mensual 1º trimestre 2026 Galicia-España			Variacións											
	xaneiro	febreiro	marzo	mes anterior			interanual			absoluta			relativa		
				absoluta	relativa		absoluta	relativa		absoluta	relativa				
Galicia	1.083.826	1.088.231	1.095.875	-13.462	4.405	7.644	-1,23%	0,41%	0,70%	16.737	16.283	17.715	1,57%	1,52%	1,64%
España	21.573.632	21.670.636	21.882.147	-270.782	97.004	211.511	-1,24%	0,45%	0,98%	477.818	474.482	506.452	2,26%	2,24%	2,37%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Empleo e Seguridad Social)



A afiliación media en Galicia pecha o primeiro trimestre do ano cunha redución no número de afiliacións de máis de -1.400 persoas respecto da afiliación media rexistrada ao remate do trimestre anterior, redución que se produciu de xeito íntegro no mes de xaneiro. O Gráfico recolle a variación porcentual mes a mes da afiliación media en termos interanuais e nel pódese apreciar como segue a crecer en Galicia e acadou 60 meses consecutivos de crecemento. Respecto da afiliación media rexistrada ao peche do cuarto trimestre de 2025 o ritmo de crecemento da afiliación media interanual mes a mes mantívose ao redor do 1,6% mentres que en España estívose a mover entre o 2,2% e o 2,4%. Deste xeito, o diferencial da taxa de incremento interanual con respecto a España ficou estable na contorna do 0,7%.

O análise da afiliación media mensual á Seguridade Social de persoas traballadoras por conta allea desagregada por tipo de contrato tamén reflectiu a diminución da afiliación respecto do que sucedera ao remate de 2025 (o -0,7%). A contratación indefinida aumentou nestes tres meses tanto a tempo completo como parcial e tamén o fixeron con forza os afiliados clasificados como outros pero estes incrementos non bastaron para compensar as diminucións rexistradas noutras categorías, nomeadamente as da contratación temporal completa e parcial (diminucións porcentuais que superaron as dúas cifras nos dous casos) e a dos contratos de aprendizaxe, formación e prácticas (preto do -22%).

Afiliación media ao R.Xeral	Afiliación total ao Réxime Xeral da Seguridade Social por tipo de contrato (Galicia, marzo 2026)				
	Afiliación ao peche marzo 2026	Afiliación ao peche decembro 2025	Variación porcentual a 3 meses	Afiliación ao peche marzo 2025	Variación porcentual a 12 meses
Afiliación media ao R.Xeral	846.566,2	852.248,1	-0,7%	829.365,0	2,3%
Contratación indefinida	646.113,7	641.908,3	0,7%	634.392,8	2,3%
a tempo completo	494.795,4	491.244,5	0,7%	484.586,7	2,6%
a tempo parcial	119.157,9	116.702,1	2,1%	118.228,0	2,3%
contratos fixos-descontinuos	32.160,4	33.961,7	-5,3%	31.578,1	-1,8%
Contratación temporal	111.391,1	124.565,5	-10,6%	111.188,8	0,2%
a tempo completo	84.245,3	93.560,8	-10,0%	84.021,9	-0,4%
a tempo parcial	27.145,8	31.004,8	-12,4%	27.166,9	2,0%
Contratos de aprendizaxe, formación e prácticas	2.815,8	3.606,5	-21,9%	5.020,9	-31,8%
Outros	86.245,7	82.167,8	5,0%	78.762,5	8,7%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Tesourería Xeral da Seguridade Social

Respecto do peche do primeiro trimestre de 2025 a afiliación media ao Réxime Xeral en Galicia aumentou nun 2,3%, porcentaxe que coincide co incremento de afiliados con contrato indefinido -a categoría máis numerosa- mentres que os da categoría Outros medraron en preto do 9%. Os afiliados con contratos de formación diminuíron con moita forza nestes doce meses (preto do -32%) e os afiliados con contratos temporais se incrementaron de xeito cativo logo de que o incremento entre os afiliados con contrato temporal a tempo parcial compensaran o lixeiro descenso da afiliación con contratos temporais a tempo completo (-0,4%)

Sinistralidade

Segundo os datos facilitados pola ISSGA para 2025 os accidentes con baixa en Galicia medraron nun 1,5%, incremento debido ao aumento dos accidentes leves nun 1,7%, xa que os graves diminuíron en preto do -10% e os mortais en preto do -20%. En termos porcentuais os accidentes leves con baixa (e, polo tanto, tamén os accidentes totais, dos cales supoñen o 98%) medraron un punto

Homes

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var
Agricultura	875	841	-3,9	27	23	-14,8	7	4	-42,9	909	868	-4,5
Pesca	557	495	-11,1	23	34	47,8	7	3	-57,1	587	532	-9,4
Industria	5.554	5.786	4,2	70	76	8,6	5	9	80,0	5.629	5.871	4,3
Construción	4.110	4.037	-1,8	108	80	-25,9	12	9	-25,0	4.230	4.126	-2,5
Servizos	7.662	7.865	2,6	116	107	-7,8	20	15	-25,0	7.798	7.987	2,4
Total	18.758	19.024	1,4	344	320	-7,0	51	40	-21,6	19.153	19.384	1,2

Mulleres

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var
Agricultura	242	204	-15,7	6	11	83,3	0	1	-----	248	216	-12,9
Pesca	62	73	17,7	2	1	-----	0	0	0,0	64	74	15,6
Industria	1.159	1.265	9,1	3	11	266,7	2	0	-----	1.164	1.276	9,6
Construción	37	43	16,2	0	0	-----	0	0	0,0	37	43	16,2
Servizos	6.416	6.523	1,7	61	33	-45,9	3	4	33,3	6.480	6.560	1,2
Total	7.916	8.108	2,4	72	56	-22,2	5	5	0,0	7.993	8.169	2,2

Fonte: ISSGA. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

(datos obtidos o primeiro luns de Febreiro de cada ano por data de baixa)

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Decembero 2024/2025)

Homes

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var
Agricultura	4.281,6	4.071,9	-4,9	132,1	111,4	-15,7	34,3	19,4	-43,4	4.447,9	4.202,6	-5,5
Pesca	4.564,7	4.199,8	-8,0	188,5	288,5	53,0	57,4	25,5	-55,6	4.810,6	4.513,8	-6,2
Industria	5.339,3	5.490,2	2,8	67,3	72,1	7,2	4,8	8,5	77,5	5.411,4	5.570,7	2,9
Construción	5.618,3	5.431,9	-3,3	147,5	107,6	-27,0	16,4	12,1	-26,2	5.782,3	5.551,7	-4,0
Servizos	2.332,3	2.349,1	0,7	35,3	32,0	-9,5	6,1	4,5	-26,4	2.373,6	2.385,5	0,5
Total	3.484,5	3.476,1	-0,2	63,9	58,5	-8,5	9,5	7,3	-22,8	3.557,9	3.543,9	-0,4

Mulleres

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var	2024	2025	% Var
Agricultura	2.023,0	1.776,1	-12,2	50,2	95,8	90,9	0,0	8,7	-----	2.073,1	1.880,6	-9,3
Pesca	1.618,9	1.997,3	23,4	52,2	27,4	-47,6	0,0	0,0	0,0	1.671,1	2.024,6	21,2
Industria	2.617,3	2.834,0	8,3	6,8	24,6	264,0	4,5	0,0	-100,0	2.628,6	2.858,7	8,8
Construción	452,3	507,9	12,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	452,4	507,9	12,3
Servizos	1.451,2	1.452,5	0,1	13,8	7,4	-46,7	0,7	0,9	31,3	1.465,7	1.460,7	-0,3
Total	1.551,0	1.567,3	1,0	14,1	10,8	-23,3	1,0	1,0	-1,4	1.566,1	1.579,1	0,8

Fonte: ISSGA. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

(datos obtidos o primeiro luns de Febreiro de cada ano por data de baixa)

máis entre as mulleres que entre os homes. Porén, os accidentes graves víronse reducidos con maior intensidade entre as mulleres (por riba do -22% fronte á redución do -7% en homes). Os accidentes laborais mortais de mulleres ficaron en cinco, os mesmos que no ano 2024, co cal os accidentes laborais mortais de mulleres pasaron de supoñer menos do 9% dos totais en 2024 a ficar por riba do 11% en 2025.

Nos diferentes sectores o comportamento foi dispar: a redución dos accidentes totais tanto no sector primario como na construción; non foi quen de compensar os incrementos rexistrados nos demais sectores. A industria amosou os maiores incrementos totais da sinistralidade (por riba do 5%) e a agricultura e a pesca as maiores reducións, por riba do -6% nos dous casos. Se analizamos por sexos, o sector agrícola foi o único no que a redución deuse tanto en homes como en mulleres. O maior aumento da sinistralidade entre as mulleres deuse nos sectores pesqueiro e da construción, se ben cómpre sinalar que ao tratarse dos sectores menos feminizados variacións relativamente menores en termos absolutos teñen maior impacto porcentual. No que atinxe aos accidentes graves estes aumentaron nos sectores primarios e industrial (único no que aumentaron os accidentes graves para os dous sexos) e reducíronse na construción e os servizos. Os accidentes mortais reducíronse en todos os sectores coa excepción da industria, no que se produciu un aumento importante entre os homes.

A tendencia rexistrada nos índices de incidencia foi diferente, xa que o índice reduciuse para os homes en catro décimas de punto e aumentou para as mulleres en seis décimas, o que levou a taxa de sinistralidade a ficar no mesmo valor de 2024 a pesares de que amosou unha redución do -21% nos accidentes mortais e un aumento do 35% nos accidentes graves.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Decembero 2025)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	55	16	13.163	6.782	45.895	33.233
España	648	-59	329.626	97.897	709.771	6.593

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

cierres patronales do Ministerio de Trabajo e Economía Social indican que o número de folgas aumentou nun 41% respecto de 2024 e tamén aumentaron con aínda maior intensidade tanto as xornadas non traballadas, que foron máis do dobre (106%) coma o número de persoas participantes, as cales ficaron preto de triplicar o número de 2024 (286%). En España diminuíu o número total de folgas realizadas nun 10% pero tamén aumentou a súa repercusión, aínda que de xeito menor ao como o fixo en Galicia: o número de persoas participantes en folgas medrou por riba do 42%, mentres que o número de xornadas non traballadas aumentou de xeito cativo (<1%).

Expedientes de Regulación de Emprego

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Decembero 2024-2025

	TOTAL		DESPEDIMIENTOS COLECTIVOS				SUSPENSIÓN DE CONTRATOS				REDUCCIÓN DE XORNADAS			
	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior			
		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %		
Galicia	12.083	2.846	31%	1.488	-147	-9%	10.076	2.066	26%	519	198	62%		
España	124.921	-64.282	-34%	41.200	3.828	10%	78.303	-56.044	-42%	5.418	-3.324	-38%		

(Datos mensuais facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social nas súas Estadísticas de expedientes de regulación de emprego)

que o aumento de ERE en Galicia non se estendeu aos expedientes de despedimentos colectivos, xa que estes afectaron a un -9% menos de traballadores respecto aos afectados en 2024, sino que se produciu entre os derivados de suspensión de contratos -que incluíron a seis de cada sete persoas traballadoras afectadas por un ERE- e os derivados de ERE por redución de xornada, con incrementos dun 26% e un 62% respectivamente. En España a evolución por sectores seguiu a tendencia oposta, logo de que o único tipo de ERE nos que medrou o número de persoas traballadoras afectadas foi o de ERE por despedimentos colectivos (10% máis) mentres que os de suspensión de contratos (-42%) e os de redución de xornada (-38%) afectaron a menos persoas que en 2024.

Custos laborais e salariais

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* elaborada polo INE para o cuarto trimestre de 2025 sitúa o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes en Galicia en 3.039,63 €/mes, valor que supera no 3,1% ao rexistrado hai catro trimestres. En comparación,

A *Estadística de expedientes de regulación de emprego* amosan un aumento do 31% no número de persoas traballadoras en ERE en Galicia en 2025, o que contrasta coa importante redución do -34% rexistrada en España nese período. A evolución por tipo de expediente amosa

o custo laboral medrou en España nun 3,8% logo de chegar aos 3.382,48 €/mes. Con isto a diferenza entre o custo laboral en Galicia e en España neste trimestre ficou no -10,1%. O custo laboral medio en 2025 en Galicia ficou en 2.870,20 euros en 2025 o que supuxo en termos porcentuais un incremento do 2,2%, o menor dos últimos cinco anos.

Custos laborais e salariais. Galicia. 2021-2025

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,5	0,0
2022	2.551,1	3,0	19,8	1,0	1.888,8	3,6	14,7	1,7
2023	2.670,7	4,7	20,8	5,1	1.952,5	3,4	15,2	3,7
2024	2.808,4	5,2	22,1	5,1	2.055,3	5,3	16,2	2,9
2025	2.870,2	2,2	22,8	3,0	2.095,9	2,0	16,6	2,9
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.919,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	3,1	20,2	3,6	1.835,1	-1,0	14,8	4,3
4T22	2.706,4	1,6	21,1	0,1	2.036,0	2,7	15,9	1,3
1T23	2.556,1	5,3	19,0	4,0	1.848,2	4,7	13,8	3,4
2T23	2.686,9	4,4	20,5	4,2	1.964,9	2,4	15,0	2,2
3T23	2.618,8	4,9	21,1	4,5	1.901,2	3,6	15,3	3,3
4T23	2.821,1	4,2	22,6	6,8	2.095,8	2,9	16,8	5,5
1T24	2.718,1	0,4	20,9	9,8	1.965,6	-3,5	15,1	9,9
2T24	2.815,7	4,8	21,3	3,5	2.062,8	5,0	15,6	3,7
3T24	2.752,6	5,1	22,9	8,4	1.997,0	5,0	16,6	8,4
4T24	2.947,4	4,5	23,3	3,2	2.195,8	4,8	17,4	3,5
1T25	2.781,5	2,3	21,3	1,8	1.999,6	1,7	15,3	1,2
2T25	2.881,7	2,3	22,3	5,0	2.113,5	2,5	16,4	5,1
3T25	2.778,1	0,9	23,0	0,7	2.014,3	0,9	16,7	0,7
4T25	3.039,6	3,1	24,4	4,7	2.256,4	2,8	18,1	4,3

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

Por hora efectiva, os custos laborais e salariais no cuarto trimestre do ano en Galicia medraron respecto ao cuarto trimestre de 2024 anterior no 4.7% e no 4,3% respectivamente. No caso de España o fixeron e dun xeito un pouco menor -nun 3,4% e nun 3,2%-. En Galicia os incrementos porcentuais dos custos por hora efectiva, laborais ou salariais, superaron aos incrementos porcentuais rexistrados por persoa traballadora e mes mentres que en España ficaron por baixo.

Sociedades constituídas, disoltas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 1º Trimestre 2026

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto ao mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.398	61.171,0	145	-4,4%	187	-45,1%
Sociedades que ampliaron capital	308	148.819,0	32	86,9%	-38	-25,7%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

superior ao -4%. Respecto do primeiro trimestre do ano anterior aumentou aínda máis o número de novas sociedades mercantís constituídas (preto do 15%) pero non o capital investido nelas, que se reduciu con forza (-45%). O número de sociedades que ampliaron capital medrou respecto do cuarto trimestre en máis do 11%, e tamén o fixo o capital ampliado, que case se dobrou (87%). Porén, o número de sociedades que ampliaron capital diminuíu respecto do acontecido hai catro trimestres en máis do -14% e o fixo tamén o capital ampliado, que diminuíu en máis dun -25% respecto do capital no primeiro trimestre de 2025.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 1º Trimestre 2026

	1T26	4T25	1T25
Sociedades disolvidas	581	436	553
Sociedades que reducen capital	89	64	93
Sociedades en situación concursal	49	84	92

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

no trimestre anterior e sete máis que hai catro trimestres, mentres que os procesos de fusión ficaron en 22 fronte aos 20 do terceiro trimestre do ano e os 18 do primeiro trimestre do pasado ano.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Logo de rematar o primeiro trimestre de 2026, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu catro ditames sobre normativa laboral autonómica, dous menos dos emitidos durante o mesmo período do ano pasado.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que durante o primeiro trimestre do ano tiveron entrada no AGA 27 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, unha menos das que foron recibidas no mesmo período de 2025. Entre as 15 mediacións e arbitrajes aceptadas polas partes e rematadas ao longo do período sinalado (as mesmas que no período de referencia), a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 60%. Así mesmo proseguiu a actividade de mesas negociadoras e comisións paritarias de sector nas que o Consello presta apoio e asistencia. Nestes tres primeiros meses de 2026 tiveron lugar na sede do Consello 24 xuntanzas de comisións negociadoras, paritarias, de prevención de riscos laborais e grupos de traballo que afectaron a 12 Convenios colectivos de sector. En catro deses sectores as Comisións Paritarias correspondentes acadaron acordos para a renovación das súas táboas salariais.

NOTA: A Comisión Permanente do Consello Galego de Relacións Laborais vén de acordar na súa xuntanza do pasado 30.01.2026 unha serie de modificacións no contido do seu Boletín de Información Sociolaboral. As ditas modificacións supoñen a supresión do apartado dedicado á análise da evolución do paro rexistrado en Galicia e ás modificacións na frecuencia e/ou contido das análises da evolución do Produto Interior Bruto e dos Custos Laborais e Salariais en Galicia -que pasan a ter periodicidade semestral en lugar de trimestral, co que a partir de agora só se publicarán os datos do segundo e cuarto trimestres- e da evolución da poboación, parámetro que a partir de agora pasa a presentarse con periodicidade anual cos datos de poboación a 1 de xaneiro de cada novo ano.

No que atinxe a novos contidos a incluír, desde o seu número 43 este Boletín analiza os datos de afiliación media desagregados por tipo de contrato, e presenta os datos de sinistralidade desagregados por sexos. Tamén engadirá, con periodicidade semestral, un seguimento da conflictividade que recolla información desta naqueles sectores especialmente feminizados así como a evolución do número de empresas desagregada por número de traballadores na empresa, parámetro que será tratado con periodicidade anual.